

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES EN DATA 21 DE MARZO DE 2024

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO, ECONOMÍA,
FACENDA E RÉXIME INTERIOR**

ROGOS E PREGUNTAS

Rogo de Alternativa dos Veciños presentado por escrito

“1º.- Logo dos últimos acontecementos e, en vista que haberá cambios no goberno, esperan que agora se poñan a traballar en mellorar a situación caótica e de deixadez na que teñen todo o concello, polo que rogan que se executen os rogos aceptados nos últimos nove meses”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que acepta o rogo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1ª.- Cando van a presentar o presuposto do concello para o exercicio 2024?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que a interventora informou desfavorablemente o día 19 de febreiro; que se está a modificar e o luns probablemente se presentará para un novo informe de Intervención.

“2ª.- A canto ascende a débeda coas gasolineiras que abastecen ao concello?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que a 82.835,31 euros, facturas correspondentes aos anos 2023 e 2024.

“3ª.- Cal é actualmente o período medio de pago a provedores do concello?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que no cuarto trimestre de 2023, é de 284,6 días.

“4ª.- O luns 26 de febreiro tramitouse de urxencia un contrato para a limpeza inmediata de edificios públicos. Con que empresa se contratou e cal é o custo?. Cando vai a empezar a traballar nos colexios e no centro de saúde?. Canto tempo dura o contrato?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que se comezou a tramitación do contrato de urxencia; que non está adxudicado; que á primeira invitación non respondeu ninguén; que solicitaron unha segunda, e soamente se presentou unha que va moi por arriba do prezo de mercado (50 euros/hora), duplicaba o prezo de mercado; que as outras dúas empresas contestaron que non se ían presentar e falta por contestar unha que remata o prazo hoxe; que o día de onte se volveu a requirir a outras empresas.

Preguntas do Bloque Nacionalista Galego presentadas por escrito

“1ª.- Teñen observado por varias veces que o sistema informático de dependencias municipais ten fallos que non permiten levar a cabo o traballo das persoas encargadas. Cales son os motivos?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que dende o departamento de Informática manifestan que foron problemas puntuais e pregunta se saben de que fallos concretos están a falar.

“2ª.- A situación do concello en canto aos contratos, ou mellor a ausencia deles, lévalles a preguntar, cales son os avances que se levan feito?. Pódennles relatar cales son as previsións en orde a súa importancia?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que nos últimos tempos están chegando a contratación os expedientes dos servizos en precario e están centrados niso; que se informaron os pregos do SAF; que se está a traballar no prego da limpeza; que se está a traballar no do abastecemento de auga; que estas son as prioridades actualmente.

A Sra. Pan Lesta continúa a dicir que se acaba de poñer ao día todos os contratos de seguros do concello; que hai varios expedientes pendentes de RC para iniciar a licitación; que están en fase de licitación os expedientes de materiais para cursos AFD; que outro que está dentro das prioridades de contratación é o expediente da concesión da piscina municipal; que, polo medio, están os contratos menores para o gasóleo; que tamén se está a elaborar o prego do gasóleo para adxudicar o servizo por procedemento aberto.

Pregunta do Bloque Nacionalista Galego presentada oralmente

- Cales son as causas da situación de peche de determinados edificios?.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que o problema é a limpeza das instalacións municipais; que se falou con Jardincelas; que no mes de xaneiro Jardincelas presentou unha documentación na que consta que entra en un expediente de regulación temporal de emprego parcial; que se reducen as horas de limpeza, que o primeiro que falaron foi cambiar á xente doutras dependencias para reforzar centros de saúde e colexios; que despois comezaron a poñerse de baixa e non a poden substituír; que o déficit chegou tamén á biblioteca; de aí a causa do peche; que mentres tanto están a falar con Jardincelas.

Pregunta de Alternativa dos Veciños presentada oralmente

- Se se poden actualizar as actas das comisións informativas, que a última que está publicada é de setembro de 2023?.

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE, SANIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ, TURISMO, PATRIMONIO, TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

ROGOS E PREGUNTAS

Rogos do Bloque Nacionalista Galego presentados por escrito

“1º.- En virtude do falado nas comisións informativas e no pleno de febreiro sobre a instalación dun tanatorio-crematorio nas inmediacións do cemiterio municipal de Cambre rogan que se lles dea traslado do estudo de dispersión de contaminantes das emisións esperadas no forno crematorio e o informe da Consellería respecto del cando sexan enviados ao Concello de Cambre”.

O Sr. presidente intervéñe e di que por suposto que si; que engade como información que non ten nada que ver o tanatorio coa posta en funcionamento do forno.

“2º.- A día de hoxe non teñen dende o BNG coñecemento da situación da antena de Anceis. Rogan que se lles dea traslado de en que punto se atopa”.

O Sr. presidente intervéñe e di que a información é a que había máis ou menos; que por parte da asociación de veciños de Anceis presentaron unha proposta a estes señores respecto da fibra; que por parte do concello se chama cada quince días a un representante da empresa para que informen sobre a súa posición.

O Sr. Leirós manifesta que a empresa está a avaliar a resposta da asociación de veciños en canto á fibra.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez quen, unha vez concedido, manifesta que no pleno ordinario o Sr. Garcia Patiño manifestou que a empresa lle comunicou que non ía instalar a antena.

O Sr. presidente di que o Sr. Garcia Patiño comunicou o que lle dixeron; que el cando chamou non foron tan taxativos.

“3º.- Cada vez que hai un temporal, os/as veciños/as que pasan pola estrada que cruza o fraga de Cecebre, o fan co risco de que unha árbore lle caia enriba. Ata o momento caeron sen que houbera unha desgraza de morte. Rogan que se esixa á propiedade dela que leven a cabo as medidas precisas de mantemento e seguridade”.

O Sr. presidente intervén e di que o tema das árbores na fraga de Cecebre é moi sensible; que hai unha normativa nas Normas subsidiarias que impide tallar, incluso podar árbores; que a posición do concello é que non se van a tallar máis árbores que as necesarias.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Prieto Miramontes quen, unha vez concedido, di que tamén é verdade que na estrada, a norma establece que en caso de perigosidade se poden cortar, pero calquera veciño pode ver cales van a caer; que son moitas as que xa caeron; que a propiedade ten a obriga de manter ese terreo nun estado pertinente e non o está.

O Sr. presidente intervén e manifesta que el non vai a mandar tallar unha árbore na fraga de Cecebre ata que un técnico forestal se pronuncie.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Castro Uzal quen, unha vez concedido, di que se Estradas non responde ou non se compromete a facelo, os gastos que se deriven se remitirán á propiedade.

O Sr. presidente intervén e di que denegará a solicitude da talla; que agora ben, pode haber árbores que un técnico diga que é necesario, pero cun proxecto onde conste informe técnico que diga por que hai que cortalas ou podalas.

“4º.- Xa se trouxo en varias ocasións o tema da limpeza das marquesiñas do autobús e seguen a rogar que se faga dunha vez o seu mantemento, o que inclúe a urxente limpeza”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parceró Quiñoy quen, unha vez concedido, di que acepta o rogo; que se revisaron todas as marquesiñas unha a unha; que todo este traballo xa está feito e que se está a actualizar a parte económica.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez que, unha vez concedido, di que se revisaron cen marquesiñas e pregunta se son todas do concello.

A Sra. Parceró Quiñoy intervén e manifesta que se revisaron todas.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Castro Uzal quen, unha vez concedido, di que este mesmo rogo o presentaron en 2021 e que se está en marzo de 2024.

A Sra. Parceró Quiñoy intervéen e di que efectivamente lembra o rogo; que o prego está en contratación dende o mes de maio de 2022 e que se devolve en maio de 2023; que agora están en esta situación; que todo leva o seu tempo.

Continúa a dicir que, en canto ao tema dos contedores, se incrementou bastante a vixilancia; que o Consorcio quincenalmente remite as actuacións que se fixeron de limpeza.

A Sra. Parceró Quiñoy di que nos últimos solicitou que se lle avisara o día anterior para poder estar presentes.

A Sra. Parceró Quiñoy di que, de feito, a parte das sancións, levan tempo traballando en realizar concienciación.

Preguntas do PP presentadas por escrito

A Sra. Espiñeira Galán manifesta que a primeira pregunta non a fai, dado que xa foi contestada.

“2ª.- Habendo pasado meses dende a petición formal de limpeza da finca privada situada na urbanización “O Bosque de Cambre” lugar de Quintán, Cecebre, a pregunta ven sendo, cando se levará a cabo a limpeza dela por parte do propietario e de oficio por parte do concello como si fixeron noutras ocasións?”.

O Sr. presidente intervéen e manifesta que hai unha resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos de data 14 de decembro de 2023 dirixida ao propietario; que o propietario presentou unha alegación dicindo que el non é o propietario; que no catastro figura como propietario; que como coñece ao arquitecto que está a levar a modificación puntual díxolle que traslade ao propietario a obriga de limpeza da finca.

“3ª.- Para cando empezarán coa limpeza de arbustos, roza para garantir a limpeza vial a teor que están xa en primavera?”.

O Sr. presidente intervéen e di que o programa está feito entre maio-setembro e decembro-xaneiro; que isto vai a depender de como avance a primavera.

“4ª.- Cantos axentes da policía local están operativos neste momento?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido, di que neste momento hai operativo seis axentes, un oficial de turno, ademais de dous axentes de segunda actividade.

“5ª.- Na zona do Temple xa están as rúas con sucidade e os veciños empezan a queixarse. Podénlles informar que está a acontecer?”.

O Sr. presidente intervén e di que no concello non se presentou ningún tipo de queixa neste sentido e solicita se poden concretar ao respecto.

“6ª.- Ante este perigo de derrubamento na zona das Gamelas, en Anceis, na estrada que vai do lugar de Coruxos a lugar Mercurin, baixando no pinar do conde, que medidas pensan tomar para garantir a seguridade?”.

O Sr. presidente intervén e di que lle parece que ten máis perigo as árbores que o noiro; que notificarán ao propietario.

Preguntas do Bloque Nacionalista Galego presentadas por escrito

“O 26 de outubro de 2022 saía publicada a seguinte noticia en prensa: “O Estado outorga unha axuda de 1,6 millóns a Cambre para o pavillón dos Campóns”. Nesta mesma nova tamén se expoñía que as obras debían estar rematadas e recepcionadas “sen observacións nin reparos” como prazo máximo o 30 de setembro de 2024. Polo tanto, preguntan:

2ª.- Van a acometer as obras de renovación do pavillón dos Campóns?.

3ª.- Hai posibilidades de prórroga?”.

O Sr. presidente intervén e di que a intención é de acometer as obras de renovación do pavillón dos Campóns; di que non hai posibilidade de prórroga.

“4ª.- En que punto está o do control de colonias felinas?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen, unha vez concedido, di que están pendentes de realizar unha rectificación que lle suxeriu a secretaria; que están censadas todas as colonias; que, en canto ao contrato, están a intentar sacalo adiante con dous convenios, un cos voluntarios e outro co Consorcio.

COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES, XUVENTUDE, EDUCACIÓN E CULTURA

ROGOS E PREGUNTAS

Rogo do Bloque Nacionalista Galego presentado por escrito

“1º.- Seguen a observar que nos carteis de actividades de asociacións con colaboración do concello seguen aparecendo en ocasións en castelán. Rogan que se faga o control para que non se volva a repetir”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Matos quen, unha vez concedido, di que acepta o rogo; que se enviou un correo como recordatorio para cumprir con esta obriga.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1ª.- Cantas queixas están rexistradas actualmente no servizo de axuda no fogar polos usuarios?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Prieto Lamas quen, unha vez concedido, manifesta que actualmente dos 127 usuarios teñen queixas de 8 usuarios.

“2ª.- Que queixas presentaron unha decena de usuarios do servizo de axuda no fogar o 13 de marzo no concello, polas deficiencias no servizo?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Prieto Lamas quen, unha vez concedido, manifesta que as queixas presentadas polos usuarios no rexistro o día 13 de marzo se basean en diferentes puntos respecto do funcionamento do servizo; que as queixas se resumen en cambios de auxiliares e de horarios dos auxiliares, tanto en substitucións por ausencia previsible como por substitucións por ausencias sobrevidas; que reclaman a falta de flexibilidade horaria e da prestación diaria do servizo, se esta é a opción solicitada; que manifestan desconfianza porque non lles responden ás queixas por escrito segundo establece o regulamento e pola falta de visitas bimensuais por parte de coordinación.

Continúa a súa intervención a Sra. Prieto Lamas e manifesta que polo que respecta ás queixas presentadas por escrito, a empresa responde por escrito ás queixas presentadas a cada un dos usuarios, segundo lle consta; que requiriu á empresa para que os horarios dos auxiliares se respecten; que a empresa se comprometeu a cumprir coas visitas bimensuais.

“3ª.- Despois de confirmar no pleno ordinario de febreiro que se chegou a un acordo co seguro, cando van a arranxar a pista deportiva do paseo marítimo do Temple?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, manifesta que quere aclarar que sempre houbo acordo entre o concello e o seguro para arranxar a pista deportiva; que o que manifestou no pleno do mes de febreiro e anteriormente na comisión informativa do citado mes, foi que había un desacordo entre o seguro e o perito.

Unha vez aclarado isto, a Sra. Rodríguez López manifesta que cando se reciba o material necesario, se efectuará o arranxo.

Preguntas do Bloque Nacionalista Galego presentadas por escrito

“1ª.- Unha vez máis traemos a pleno o problema das queixas de usuarios/as de axuda no fogar, téndose recollidas innumerables queixas sobre a falla de cumprimento do contrato. Que pasos se teñen dado para a súa solución?.”

A Sra. Prieto Miramontes manifesta que esta pregunta a dá como contestada.

“2ª.- Que medidas se tomaron sobre a actuación dun policía sobre o maltrato á nai dun usuario deste servizo, de 75 anos?.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido, manifesta que como responsable da área de Seguridade Cidadá solicita prudencia neste tipo de afirmacións tan serias; que non se tomou ningunha medida xa que a día de hoxe non consta ningún maltrato por parte de ningún axente da Policía local de Cambre.

“3ª.- O 12 de decembro de 2023 saíu publicado no DOG a concesión de subvencións a entidades locais para varios programas de benestar social para os anos 2023 a 2025.

No anexo I está publicada a concesión de subvencións e o Concello de Cambre é beneficiaria en varios programas:

b) Programas dirixidos a persoas sen fogar:

Concello de Cambre. Proxecto Lagare

Horas 2023	Concedido 2023	Horas 2024	Concedido 2024	Horas 2025	Concedido 2025	Total concedido
165	4.735,50 €	1.720	49.364,00 €	717	20.577,90 €	74.677,40 €

c) Programas dirixidos á inclusión social da poboación xitana

Concello de Cambre. Proxecto Amarí

165	3.565,98 €	1.720	37,172,64 €	717	15.495,80 €	56.234,42 €
-----	------------	-------	-------------	-----	-------------	-------------

d) Programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos á inclusión social dos menores a cargo

Concello de Cambre. Programa Prisma

65	4.059,00 €	1.720	42.312,00 €	717	17.638,20 €	64.009,20 €
----	------------	-------	-------------	-----	-------------	-------------

Concello de Cambre. Proxecto Píllara

65	4.059,00 €	1.720	42.312,00 €	717	17.638,20 €	64.009,20 €
----	------------	-------	-------------	-----	-------------	-------------

Iniciaron algún destes programas/proxectos?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Prieto Lamas quen, unha vez concedido, manifesta que a día de hoxe non se iniciaron ningún destes programas ou proxectos; que están pendentes da contratación do persoal necesario, en concreto, dous técnicos de integración, un traballador social e un educador social, dado que sen eles non se poden iniciar os programas.

“4ª.- Teñen prevista unha data para o inicio destes programas/proxectos?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Prieto Lamas quen, unha vez concedido, manifesta que non, dado que están a expensas da contratación do persoal.

“5ª.- Que cantidades destas subvencións nos anos 2023 e 2024 foron perdidas por non ter iniciado os programas en tempo?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Prieto Lamas quen, unha vez concedido, manifesta que no proxecto Lagare, dende o día 1 de novembro ata o día de hoxe se perderon 406 horas, o que supón un total de 16.387,90 euros; que no proxecto Amarí, dende o día 1 de novembro ata o día de hoxe se perderon 406 horas, o que supón un total de 12.340,60 euros; que no proxecto Prisma, dende o día 1 de novembro ata o día de hoxe se perderon 406 horas, o que supón un total de 14.046,77 euros; que no proxecto Píllara, dende o día 1 de novembro ata o día de hoxe se perderon 406 horas, o que supón un total de 14.046,77 euros.

“6ª.- Cando se lles vai pagar as Anpas?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, manifesta que cando se remate de tramitar a liquidación do orzamento de 2023.